


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

27-28 de abril do 2024

V SEMANA DO TEMPO DA PASCUA



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDE DE BENVIDA

🎵 *nº 1 A Cristo cantamos*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Como fai oito días seguimos a compartir con Xesús a PASCUA, e a nosa vida cambia a mellor.

O libro dos Feitos dos Apóstolos móstranos o comezo da Igrexa que nós formamos 21 séculos despois e nos di que medraba coma un edificio, pouco a pouco.

Xesús, no Evanxeo, ponnos o exemplo da videira, que é El e o Pai é o labrador, e nós somos as ramas que temos que estar unidos á cepa, ao tronco, para dar froito.

E nós, aquí, na parroquia, todos nós unidos a Cristo estamos dando bos froitos.

É Pascua, é hora de seguir mans á obra, é hora de seguir construindo comunidade, Igrexa, Reino.

Con Cristo feito Pascua á nosa beira e deixándonos encamiñar por el, cantámoslle

🎵 *nº 1 A Cristo cantamos*

ACOLLIDA DA AUGA

Celebrante: Fixemos memoria do noso bautismo na celebración da vixilia pascual. Alí compartíamos a auga de toda a comunidade dos Cotos, e agora aquí ante a auga de vida que nos une en parroquia, queremos lembrar os compromisos, queremos seguir dando bos froitos agradecéndolle a Deus todos os dons da vida cos que El nos agasalla.

🎵 n° 2 Ide e pregoade

Celebrante: Damos grazas dicindo:

BENDITO SEXAS POR SEMPRE SEÑOR

Monitor/a

- * Deus creador de todas as cousas, que pola auga e o espírito, nos fixeches renacer á vida do evanxeo
- * Xesús, Ti que convidaches á primeira comunidade a ser testemuña anunciando o evanxeo a todas as xentes
- * Espírito Santo, que fas renacer á Igrexa polo alento da Pascua, e que nos convidas a ser auga viva

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: Rematamos a primeira parte da celebración presentando o que rebule no noso interior. Facémolo agradecidos con todos os froitos que estamos a compartir como parroquia.

🎵 n° 3 Gloria a Deus

Celebrante: Deus bondadoso, ti enviaches ao teu fillo ao mundo para facer de nós unha única familia; mira con amor de nai aos que estamos unidos a Cristo, e dános a verdadeira liberdade e a herdanza do teu fogar. Pedímoscho por Cristo noso Bo Pastor, que Resucitado vive e reina por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *Manternos unidos a Cristo é a maneira de facer crible a nosa fe, unidos a Cristo sabemos da responsabilidade de dar froitos, unidos a Cristo non podemos facer diferenza con quen pensa, vive ou cre diferente, e unidos a Cristo na Pascua resucitaremos con El. escoitamos agora a Palabra de Deus.*

Leccionario B páx 144 Feit 9, 26-31 LECTURA

LECTURA DO LIBRO DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

Chegado Saulo a Xerusalén, procuraba xuntarse cos discípulos; pero todos lle tiñan medo, non crendo que fose discípulo de verdade. Pero Bernabé, colleuno consigo e levouno onda os apóstolos. Saulo contoulles que vira o Señor no camiño, que lle falara e que en Damasco predicara publicamente no nome de Xesús.

Conviviu con eles en Xerusalén, predicando con ousadía no nome do Señor. Falaba e discutía tamén cos helenistas, pero estes querían matar. Ao sabelo, os irmáns levárono para Cesarea e fixérono seguir a Tarso.

Daquela, a Igrexa tiña paz en toda a Xudea, Galilea e máis Samaría. Crecía coma un edificio, progresaba na fidelidade ao Señor e coa asistencia do Espírito Santo ía aumentando en número.

Palabra do Señor

🎵 *nº 5 Todo o mundo unha familia* **SALMO**

((en pé) *Leccionario B páx 145 Xn 15, 1-18 EVANXEO*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela dilles Xesús aos seus discípulos:

- Eu son a verdadeira vide, e meu Pai é o labrador. A rama que en min non leva froito, arríncaa; e a que leva froito, pódao, para que leve máis froito aínda.

Vós xa estades limpos, pola palabra que vos teño falado. Permanecedes en min e eu en vós.

Así como a rama non pode levar froito pola súa conta, se non permanece na vide, vós tampouco, se non permanecedes en min.


Eu son a vide; vós as videiras. Quen permanece en min e eu nel, ese leva froito abondoso, pois fóra de min non podedes facer nada.

Se alguén non permanece en min, é coma as ramas arrincadas fóra, que secan; apáñanas, bótanos no lume e arden. Se permanecedes en min e as miñas palabras permanecen en vós, pedide o que queirades e hásevos facer.

Nisto é glorificado meu Pai: en que levedes froito abondoso e vos mostredes coma discípulos meus.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



“EU SON A VIDE
E VÓS AS
VIDEIRAS”

PALABRAS PARA UNHA REFLEXIÓN

Vivimos nuns tempos nos que se vai impondo o “cada un para si”, e parece que o único que importa é o meu.

O individualismo vai mermando as raíces, e non nos damos conta de que non somos máis que unhas ramiñas que para dar froito teñen que ter un bo tronco e unhas boas raíces.

Hoxe podemos preguntarnos a qué?, e a quen nos unimos?. Cal é o tronco?, cales son as raíces?.

Non é malo se nos sentimos á beira de cada persoa que loita e soña camiños de paz.

Non é malo se nos doemos con todas as vidas perdidas detrás dos muros e das alambradas.

Non é malo se facemos desta parroquia un fogar no que todos atopemos acubillo e agarimo.

Sexamos ramas unidas a Cristo, nas mans de Deus Pai.

RENUNCIAMOS AO MAL

***Celebrante** Neste tempo da Pascua, deixándonos alumar pola luz da fe que recibimos no bautismo, renovamos os nosos compromisos na loita contra o mal porque queremos facelo mellor unidos a Cristo.*

*Dicimos **SI RENUNCIAMOS***

Monitor/a

○ **Renunciades a cervos superiores aos outros; isto é: a calquera clase de abuso, discriminación, orgullo, egoísmo e desprezo?**

Si, renunciemos

○ **Renunciades a calar diante das inxustizas e as necesidades das persoas e dos pobos, por covardía, preguiza, comodidade e vantaxes persoais?**

Si, renunciemos

○ **Renunciades aos criterios e comportamentos que fan do diñeiro a aspiración máis grande da vida, que poñen o pracer por enriba de todo, e que aprecian a liberdade persoal por enriba da responsabilidade social?**

Si, renunciemos

PROFESIÓN DA FE

***Celebrante** Neste tempo da Pascua, tendo en Cristo o tronco ao que estarmos unidos, compartimos o credo dicindo*

SI CREEMOS

Monitor/a:

Credes en Deus,

Pai e Nai de todos os homes e mulleres, que nos agarima nas súas mans e nos acolle no seu corazón?

SI CREEMOS

Credes en Xesús Cristo, o seu fillo benquerido, sempre atento para dar unha man, e que nos quere vivos e dando vida á Pascua?

SI CREEMOS

Credes no Espírito de Deus,

que nos alenta esperanza para soñar irmandade, que nos alenta forza para escandalizarnos ante a guerra, que nos alenta paz para sementala por toda a Terra?.

SI CREEMOS

Credes na Igrexa,

unha Igrexa que se fai crible en comunidade, acollidora, respectuosa e coidadora da terra e de todos os homes e mulleres que na vida se sinten inxustamente tratados?

SI CREEMOS

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *En parroquia, invoquemos agora a Cristo que nos convoca a amar a todos dando vida como El nola deu a nós na Resurrección; recemos coa nosa pregaría da Pascua dicindo*

SEÑOR DA VIDA, ESCOITA A NOSA ORACIÓN

Monitor/a:

- ✓ Lémbrete, Señor, da túa Igrexa, concédenos saber apreciar e valorar os distintos camiños para achegármonos a Ti, oremos
- ✓ Lémbrete, Señor, das nosas parroquias de Os Cotos, que saibamos vivir unidos a Ti, para poder dar froitos de ben, oremos
- ✓ Lémbrete, Señor, das mulleres que sofren violencia, e que necesitan maiores e mellores xustizas nas súas vidas, oremos
- ✓ Lémbrete, Señor, de todas a persoas que se cren que non necesitan de nada nin de ninguén, oremos
- ✓ Señor, querendo facernos Pascua, lembrámonos de todas as persoas que non poden vivir en paz, oremos

Celebrante: *Quédate, señor, connosco, e non nos deixes calar ante as mulleres que ven atropellada a súa dignidade. Quédate con nós, e non nos deixes calar ante os refuxiados. Quédate con nós, ti, que vives Resucitado por sempre eternamente, amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Rezamos xuntos, unidos a Cristo, dando froitos, e pedindo ao Pai o don de crer que a diversidade e o pluralismo son necesarios na vida da igrexa:*

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *O camiño da vida se nos descubre como camiño para toparnos con Cristo Resucitado, que nos saúda coa paz. Na medida en que esteamos enxertados na vida de Xesús, abrolla dende nós a paz mesma. Amosemos a nosa cercanía a Xesús intercambiando agora un saúdo de paz.*

🎵 **nº 36 Fagamos a paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: *Pola man dos apóstolos facíanse moitos signos e aquela primeira comunidade botaba a andar. Nós compartimos unha mesa en comunidade como signo dunha vida toda ela compartida, no que temos, no que somos, no que amamos, no que valemos. Ditosos nós convidados a esta festa da Pascua do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 9 Acharte presente na vida**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, olla con bondade ao teu pobo; ti que nos renovaches con estes misterios pascuais, fai que enxertados no teu fillo Xesús, deamos froitos abondosos para a vida do mundo. Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.

Con Xesús, Bo Pastor Resucitado queremos poñer LUZ de vida na nosa comunidade, coas nosas xentes.

Con Xesús, Bo Pastor Resucitado queremos ser AUGA viva que farta as sedes de PAZ de todas as persoas que malviven na violencia.

Con Xesús, Bo Pastor Resucitado queremos ser PAN compartido arredor da mesa que nos fai comunidade, facéndonos cribles en Os Cotos para toda a Igrexa.


Avísase das misas (ver folla do mes)

Que teñamos un bo día, unha boa PASCUA e o Señor da paz, o Resucitado, nos bendiga †, nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén

ALELUIA !!

“CRISTO ESTÁ RESUCITADO”

UNIDADE PASTORAL D'OS COTOS



FELICES FESTAS DA PASCUA